



180196234

10/12/18



Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamación orzamento xeral do Concello de Vigo, incluír nova partida de asfaltado de rúas de Teis.

Antonio Collazo Collazo, en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos 2. Teis. 36207.Vigo.

Expón:

Que o pasado 15 de novembro de 2018, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 221, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2019.

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla o asfaltado de rúas e camiños de Teis.

Desde fai anos vimos denunciando o mal estado do firme de moitas rúas de Teis, que non se soluciona con tapar unhas fochancas.

Aquelas rúas nas que sería máis urxente actuar son a rúa Gerardo Campos Ramos, camiño do Laranxo, rúa Julian Estevez, 1º travesía de Foxos incluíndo o estacionamento, Doutor Corbal tramo final.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de asfaltado en Teis, por un importe de 230.000 euros.

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, "**asfaltado de rúas de Teis**" de 230.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320-2279909, " convenio Deputación promoción turística destinos " ficando esta partida de 233.000. euros en 3.000 euros.

Vigo, 10 de decembro de 2018.



Antonio Collazo

Presidente da Asociación Veciñal de Teis

Asociación Veciñal de Teis
CIF: 636646545



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/12/2018 13:09

Páxina 1 de 1

Documento 180196234

CSV: 25E853-CCB1DC-5C8ACF-9MV439-E72ZNL-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>